



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/16

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, publicado no DOG do día 26 de decembro, regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

A Orde do 12 de marzo de 2013, publicada no DOG do 15 de marzo, desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Orde establece os trámites do procedemento, os prazos, a forma de acreditar e valorar os criterios xerais de admisión, os modelos normalizados de documentos e, na súa disposición adicional primeira, determina o calendario e os correspondentes prazos dos diferentes trámites específicos do proceso.

Co obxecto de facilitar o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos para curso académico 2015/16 que imparten as ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Disposición Derradeira Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013, resolve ditar as seguintes **instrucións**:

1. Prazos do proceso de escolarización

O proceso de admisión de alumnado desenvolverase nos prazos que determina a Disposición Adicional Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.

O prazo de presentación das solicitudes de admisión abranguerá do día 1 ao 20 de marzo de 2015, ambos incluídos.

2. Prazas vacantes e reserva para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.



- a. Publicaranse os postos escolares vacantes en cada centro educativo conforme ás propostas da dirección dos centros públicos e da titularidade dos centros privados concertados.
- b. No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo segundo o artigo 4 da Orde do 12 de marzo de 2013, informando que se reservarán 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3. Solicitudes de reserva de praza e de admisión

- a. A solicitude de reserva de praza e a solicitude de admisión de alumnado, realizaranse mediante os modelos anexo I e anexo II, respectivamente, que poderán cumprimentarse e imprimirse na *sede electrónica* da Xunta de Galicia, na dirección <https://sede.xunta.es/portada>.
- b. Tamén se poden descargar da *Guía de procedementos e servizos* da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>.
- c. Así mesmo poden descargarse da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na dirección <http://www.edu.xunta.es/web/node/14293>
- d. Os centros educativos facilitarán unha copia ás persoas interesadas que a soliciten, de forma gratuíta.

4. Formalización das solicitudes de admisión

- a. A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir o/á proxenitor/a que a presentou que subsane a deficiencia



ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito polo/a proxenitor/a non asinante, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

- b. A solicitude será única. Non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación.
- c. A renuncia á solicitude presentada, non permite presentar unha nova, polo que a/o alumna/o deberá escolarizarse conforme ao procedemento subsidiario do Capítulo IV da Orde de admisión.

5. Escolarización en centros adscritos

A consideración dos centros adscritos como "*centro único*" aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior¹.

Sinalar que terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo dalgún dos seus pais, nais ou titores legais o alumnado cuxa escolarización en centros públicos e privados concertados veña motivada por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais, nais ou titores, ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero².

6. Aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado

- a. Aos efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar, a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: o domicilio familiar, os membros da familia que conviven nel e a data de alta na vivenda.

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación

¹ Artigo 8.1 da Orde de 12 de marzo de 2013

² Artigo 84.7 da LOE, redactado polo apartado sesenta e dous do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.



que a persoa alegue que está residindo no concello dende hai máis dun ano sen darse de alta no padrón³.

- b. Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 366 (base imponible xeral) e 374 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2013.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar no ano ao que corresponde a declaración do IRPF.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2013, que está cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias.⁴

- c. Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcionarial ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
- d. Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.⁵

Só debe considerarse familia monoparental aquela formada por unha viúva ou un viúvo que non teña concedida unha pensión de viuvez nin os fillos/as a correspondente de orfandade. Enténdese que tanto a pensión de viuvez como a de orfandade están xeradas polo cónxuxe falecido.

7. Fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares

³ Artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

⁴ Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 (BOE 28/12/2012)

⁵ Artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



- a. Ao inicio da fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares regulada no artigo 35 e seguintes da Orde de 12 de marzo de 2013, a xefatura territorial informará aos centros docentes das solicitudes de admisión que lles afecten.⁶
- b. Valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á xefatura territorial. Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar a circunstancia alegada, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación; procederase de igual xeito con calquera outro criterio a valorar.

8. Empate na puntuación

En caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios de desempate do artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013. Unha vez celebrado o sorteo que establece dito artigo, o seu resultado se comunicará ás xefaturas territoriais e se publicará na páxina web da Consellería.

9. Admisión e formalización da matrícula

- a. Corresponde á dirección dos centros públicos decidir sobre a admisión de alumnado, previo informe do consello escolar.⁷
- b. A matrícula deberá formalizarse mediante a presentación do correspondente modelo anexo III da Orde do 12 de marzo de 2013. Estes documentos poderán descargarse dos mesmos sitios web que se sinalan no apartado 3 desta resolución.

En todo caso o sistema de xestión académica e administrativa da Consellería (XADE) tamén elaborará o formulario incluíndo o/s nome/s da/s persoa/s que asinaron a solicitude de admisión ou que xa figuren na base de datos, podendo asinalo calquera delas.

- c. Deberá presentar o formulario de matrícula o alumnado ao inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:

⁶ Artigo 86.3 da LOE, redactado polo apartado sesenta e cinco do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

⁷ Artigos 127.e) e 132.n) da LOE, redactados polos apartados oitenta e oitenta e un, respectivamente, do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.



- Curse a ESO ou bacharelato nun centro no que ten garantía de permanencia.
- Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade.
- Cambie voluntariamente de centro.

d. Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago, 30 de xaneiro de 2015

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez